Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XV - Nº 174. Agosto 2020. Distribución gratuíta

CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
O cantón de San Roque acolle o II Mercamelide no Camiño P4

MELIDE
O Concello promoverá a etiquetaxe dos produtos da comarca en galego P19

LECER
Melide celebra un San Roque Cultural no que priman os grupos locais P19

ENTREVISTA

María Jesús Vázquez Coego, ***Peluquería Coral e Taxi en Melide*** **P23**

A artista Tania Veiras dará a coñecer o comercio local fóra da comarca

Asetem Centro Comercial Aberto renova a súa imaxe de cara ao exterior e faino desta vez contando coa cantante e presentadora Tania Veiras. A artista galega asinou un convenio coa asociación de empresarios para promover e difundir os comercios e empresas asociadas fóra da vila de Melide. O obxectivo non é outro máis que atraer público ao comercio da vila para que coñezan e consuman os produtos locais nun momento tan necesario como o que atravesa o sector debido á pandemia do Covid. P3

N.M.

Advirten do deterioro na igrexa parroquial de Melide

A estrutura acumula humidades, desprendementos e numerosas fendas, por iso urxen a unha actuación inmediata, polo menos, no máis necesario. P12

Nova senda peonil para o concello de Toques

D.C.

A actuación, que contará cun orzamento de 117.973 euros, reforzará a seguridade viaria na DP-4604 ao seu paso por A Zarra, A Barxa e Souto. P14

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

30 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Xestos que poden salvar vidas

Segundo as últimas estatísticas do Sector de Tráfico da Garda Civil o alcohol aparece no condutor como factor concorrente nun 26% dos accidentes mortais; o que supón que un de cada catro falecidos por accidente de tráfico tiña presenza de alcohol no momento do sinistro.

Os datos non son nada bos, e na comarca menos pois o pasado mes de xullo coñeciamos que nun control establecido nas diferentes entradas e saídas de Melide detectábanse nunha soa noite case unha vintena de positivos por alcohol e drogas, e iso tendo en conta que a mobilidade estaba a ser moito menor debido ás circunstancias sanitarias da pandemia.

Estamos volvendo ao mal camiño. Tan só dende a finalización do estado de alarma aumentaron nun 22% os falecidos en accidentes de tráfico. E ademais, os excesos de velocidade aumentaron un 30% con respecto aos datos rexistrados no mes de febreiro. Velocidade, alcohol... e vías convencionais, que son as estradas que seguen rexistrando os maiores excesos de velocidade.

A ecuación é perigosa e o resultado pode ser un desenlace fatal, por iso na volta a esta nova normalidade hai un aspecto fundamental que non debemos esquecer: ao volante precisamos os cinco sentidos; e xunto aos cincos sentidos precisamos outro extra, a responsabilidade con nós mesmos e con quen compartimos a estrada.

Dende a Dirección Xeral de Tráfico estase a aumentar a vixilancia, ben sexa en forma de controis de velocidade, de alcohol e drogas, de mantemento dos vehículos, como medida disuasoria, todo co obxectivo de reducir a sinistralidade nas nosas vías; pero como usuarios das mesmas tamén temos a obriga de cumprir e respectar as normas. Cumpramos entón co que está na nosa man.

Evitar os adiantamentos perigosos, respectar os límites de velocidade, cero alcohol ao volante e por suposto tampouco drogas. Todos estivemos de festa e tomamos unha, dúas... e ao coller o coche pensamos "non pasa nada, non creo que dea"; pero non se trata de crer ou non crer, trátase de evitar.

Son xestos sinxelos e comportamentos responsables que poden salvar vidas, incluída a nosa.

Tribuna de opinión

É polo ben de todos

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Foto: Turismo Melide

Como en moitos lugares de Galicia e da comarca, tamén este ano en Melide quedamos sen festas do San Roque entendidas tal e como se viñan celebrando nos últimos anos. Así o anunciou a comisión de festas que "por seguridade e responsabilidade pública" tomou a acertada decisión de aprazar "a semana grande das festas á edición de 2021".

A súa celebración, con grandes orquestras, podería gustar máis ou podería gustar menos; pero o innegable é que atraía xente ao pobo e sobre todo a un dos sectores que peor o está pasando nestes momentos: o da hostalería e ocio nocturno. Por non falar das orquestras.

Agora, sen ese reclamo, o sector afronta un dos seus maiores retos ao que hai que engadir un dos protocolos sanitarios máis estritos. Neste senso, dende a Xunta destacaron "o cumprimento maioritario do protocolo" no sector "agás excepcións", aspecto que tamén apuntaron dende o Concello de Melide. Como clientes, tócanos de novo entón ser responsables e estar á altura.

Serán unhas festas diferentes, pero vexámolas como unha gran oportunidade para gozar aínda máis delas se cabe. Participemos do ocio nocturno respectando o aforo e cumprindo as indicacións dos locais, ao igual que na hostalería; evitemos as aglomeracións e por suposto os "botellóns" e non esquezamos a máscara que xa é obrigatoria. Trátase de desfrutar das festas do San Roque e tamén de apoiar á hostalería e ao ocio nocturno.

Celebremos pois o San Roque, pero con civismo e responsabilidade porque non é polo noso ben individual, nin polo ben do sector, é polo ben de todos.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Concha Viqueira
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Vanesa Martínez, Jesús Luaces
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf, Ana Mato
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....14
- CULTURA E LECER 17
- COLABORACIÓNS.....22
- ENTREVISTA.....23

A artista galega Tania Veiras promoverá o comercio local de Asetem fóra de Melide

Todo apoio e promoción do comercio e empresas locais é benvido nun momento como o que estamos atravesando. Pensando niso, Asetem – Centro Comercial Aberto actualizou a súa imaxe de cara ao exterior asinando un convenio coa televisiva artista galega Tania Veiras.

"A finalidade desta campaña, como todos os anos, é que se nos coñeza sobre todo fóra de Melide, máis aló da comarca, iso é o que buscamos; que a xente nos veña a visitar e coñeza xunto a nosa gastronomía tamén o noso comercio co único obxectivo de promovelo e difundilo", explica Pilar López, xerente de Asetem-CCA.

Despois de barallar diferentes opcións, dende o colectivo empresarial optaron pola galega Tania Veiras. "Consideramos que neste momento Tania Veiras é unha artista que está en auxe, que cada vez ten máis presenza na televisión galega, por iso nos pareceu adecuada para desenvolver esta promoción do comercio local a través da súa imaxe", engadiu Pilar.

O contrato, asinado no mes de xullo, terá unha duración de un ano e entre as iniciativas a desenvolver por parte da polifacética artista están algunhas como a de visitar os diferentes comercios para a súa difusión, coñecer a gastronomía local ou a realización dun par de actuacións musicais co seu grupo "que ben poderían ser na gala de Nadal de Asetem ou incluso antes se as circunstancias sanitarias o permitisen".

Xa no ámbito dixital está prevista a elaboración dun vídeo para as redes sociais no que se apostará por transmitir unha imaxe de comercio seguro dentro desta volta a unha certa normalidade.

Primeira toma de contacto

Trala sinatura do convenio, Tania Veiras xa tivo a súa primeira toma de contacto co comercio melidense. Así, a finais do mes de xullo desprazouse ata a vila para realizar un pequeno percorrido polos establecementos asociados a Asetem e coñecelos de primeira man.

A xerente do Centro Comercial Aberto melidense destacou a moi boa disposición da artista. "A verdade é que as primeiras experiencias con ela foron fabulosas, estamos moi contentos de habela elixido", dixo.

Pola súa parte, Tania Veiras amosouse ilusionada co proxecto e a súa difusión. "Faime moita ilusión que contasen comigo, a verdade, sobre todo porque son unha persoa á que lle gusta aportar o seu gran de area e máis nos tempos que están correndo, que sabemos que está sendo difícil para moitos saír adiante; sobre todo para o pequeno comercio local", dixo.

"Eu o que quero a través da miña imaxe é animar á xente a que merque no comercio local; sabemos que está moi ben comprar nas grandes superficies, pero non nos esquezamos nunca do pequeno comercio, da nosa tenda de toda a vida na que ao mellor xa mercaban os nosos pais e que agora máis que nunca precisan o noso apoio. Uns dependemos dos outros, e ao final todos dependemos de todos, así que teñámolo presente e oxalá a xente se anime, polo ben de todos e polo ben do concello de Melide", engadiu a artista.

Despois de asinar o convenio nas oficinas de Asetem-CCA, a artista galega Tania Veiras visitou os comercios de Melide

PERITOS MELIDE

Javier López López - ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049

peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Informes de validación gráfica alternativa
- Fotos antigas do Catastro
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos e traídas de auga

Tfno. / Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com

Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

LIMPIEZA Y DESINFECCIÓN AMBIENTAL CONTRA EL CORONAVIRUS

Debido a la declaración del brote de coronavirus como pandemia global por parte de la Organización Mundial de la Salud, desde PLAGOSTEL queremos ayudarle a mantener las dependencias de sus instalaciones libres del virus COVID-19

Plagostel
N.R.S. (0177-GAL-SPO)
calidad e higiene alimentaria

Contacte con nosotros, podemos ayudarle
986118714 – 698179968
pedidos@plagostel.com

O II Mercamelide no Camiño reúne a 15 establecementos no cantón do 7 ao 9 de agosto

A feira de oportunidades do comercio melidense chegará este ano á vila na súa edición de verán os días 7, 8 e 9 de agosto.

Por segunda vez estará situada no cantón de San Roque e celebrarase baixo o nome de Mercamelide no Camiño cumprindo, iso si, con todas as medidas de seguridade que ditan as autoridades sanitarias para evitar a expansión do Covid-19.

Tras finalizar o prazo de inscrición, aberta a todos os negocios da vila independentemente de que sexan socios de Asetem-CCA ou non, particparán no II Mercamelide no Camiño unha quincena de establecementos de sectores tan diversos como o da moda de adultos, calzado, perfumería e complementos, moda infantil ou seguros.

A feira de oportunidades arrancará o venres 7 á tarde a partir das 18:00 horas e ata as 22:00. Xa na xornada do sábado 8 o horario de apertura ao público será de 11:00 a 14:00 horas e de 17:00 a 22:00 horas, e o domingo 9 o horario da feira será de mañá, de 11:00 a 14:00 horas.

Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica do Concello de Melide, explicou que "o cambio de localización do Mercamelide o pasado ano incrementou os participantes en comparanza á mesma feira organizada no pazo de Congresos e Exposicións anos anteriores no verán", e engadiu que "a ubicación inaugurada no 2019 pretende dinamizar o noso comercio local, darlle pulo e incentivar un dos factores máis importantes da nosa vila como é o comercio de proximidade".

Pola súa parte, Pilar López, xerente de Asetem-CCA, destacou que "as previsións parecen boas pese á situación sanitaria actual, e mais se temos en conta que semella que o bo tempo vai acompañar durante as tres xornadas de feira".

Animación na rúa e sorteos

Para animar o ambiente e propiciar que veciños e visitantes se acheguen ao cantón de San Roque a mercar, dende o Concello de Melide programouse para os tres días animación na rúa paralela a algunhas actividades do Verán Cultural.

Deste xeito, o venres 7 de agosto ás 18:30 horas haberá animación de rúa co Grupo *O Bringuelo* de Arzúa, e ás 22:00 horas no Parque de Rosalía de Castro proxectarase a película *Eroski Paraiso*.

O sábado 8 de agosto a animación arrancará ás 12:00 horas cun pasarrúas; ás 18:00 horas haberá animación con música e zancudos; e ás 21:30 horas, na Praza do Convento, terá lugar a actuación de *Davide, Fransky e Cibrán*.

Finalmente, o domingo 9 de agosto ás 12 do mediodía haberá animación de rúa co *Grupo de música Tradicional Carapaus*.

O igual que na edición anterior, unha vez rematada a feira de oportunidades Asetem celebrará un sorteo de 90 euros en vales de compra a través das súas redes sociais.

Mercamelide no Camiño está organizado polo Concello de Melide en colaboración con Asetem-CCA, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

Empeza a funcionar o servizo de paquetería para os socios de Asetem con descontos e envíos gratuítos

Primeiro, e grazas á axuda do Concello de Melide, foi posible a posta en marcha dunha plataforma de venda en liña para o comercio de Melide. Agora é a quenda para a creación dunha central de envío de paquetería que Asetem Centro Comercial Aberto xa ten en marcha.

Trátase dun servizo co que a asociación de empresarios quixo complementar a venda en liña a través da app *Zaska!* na que se integraron os seus socios, pero que tamén está aberta a todos os establecementos e empresas da vila.

Convenio con Correos

A posta en marcha deste servizo de paquetería foi posible grazas a un convenio asinado entre Asetem-CCA e Correos e Telégrafos. "Grazas ás xestións feitas por Celsa Mariño, directora da oficina de Correos en Melide –explicou Pilar López, xerente de Asetem-CCA–, conseguimos un convenio que permite que todos os socios e socias de Asetem se beneficien dunha redución de ata o 60 % no prezo dos envíos das compras realizadas a través da Internet".

Ademais, serán gratuítos todos aqueles envíos que non superen os 1.000 gr. de peso, pois neste caso será Asetem-CCA quen aboe o seu custo grazas á partida económica solicitada á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para esta finalidade. Iso si, "no momento no que esta partida se esgote tamén rematará o servizo gratuíto, aínda que si continuarán os descontos nos envíos para os establecementos asociados", aclarou a xerente.

A duración deste acordo será de un ano "e logo, vendo como funciona poderase alongar no tempo", engadiu Pilar López.

Dende Asetem-CCA lembraron que para beneficiarse deste servizo de paquetería as empresas asociadas "só teñen que achegarse á oficina de Correos de Melide en horario de 8:30 a 13:30 horas para activar a tarxeta 'Más Cerca', específica para este fin".

Cornetes sen glute, última novidade nos xeados artesáns de Borboriño

Cornetes sen glute; esta é unha das últimas novidades que podemos atopar na tenda de xeados artesáns Borboriño de Melide.

Así, agora ademais de poder gozar de diferentes sabores –algúns tan curiosos como o Borboriño de San Xoán elaborado coas herbas desa noite máxica–, aquelas persoas que precisen evitar o glute tamén poderán facelo nos xeados de Borboriño grazas a este tipo de cornetes.

Cumpre lembrar que o establecemento tamén fai reparto a domicilio e, ademais, recentemente Borboriño abriu unha nova tenda en Bertamiráns, no concello de Ames. Está situada na Praza da Mahía, nº2.

SABER DE LEI

Fake News

Ana Mato Salgado
Avogada
Tlfn.: 671 833 425
Rúa Xesús Carro, Nº15-2º
(Melide)

A difusión de "bulos" sempre estivo á orde do día, xa dende épocas inmemoriais. Se antes se facía a través do boca a boca, agora, coa chegada das novas tecnoloxías, estase dando principalmente a través das redes sociais: Twitter, Facebook… Nos últimos tempos adquiriron grande notoriedade debido á facilidade e axilidade que teñen para propagarse, causando polo tanto un gran impacto.

Pero esta difusión de "bulos", ou de noticias falsas, pode ter un carácter delituoso. Os tipos penais nos que se poden incorrer cando difundimos un "bulo" poden ir dende o delito de odio, inxurias e calumnias ata incluso o delito de estafa.

Coa desafortunada chegada da pandemia, as "fake news" ou noticias falsas inundaron as páxinas da Internet e as redes sociais. Estas falsas novas sobre o Covid-19 chegaron a alterar a percepción da realidade dos cidadáns, que ante a crise sanitaria e ante a situación económica e social do momento atopábanse máis vulnerables. A Organización Mundial da Saúde (OMS), utilizou o termo "infodemia" para referirse á práctica de difundir información incorrecta relacionada coa pandemia. Tal desinformación pode conlevar un risco para a saúde e integridade das persoas.

Nos últimos meses pola rede circularon multitude de vídeos, audios, noticias sobre o virus, moitos deles afirmaban a inexistencia do virus, o que provocou que moitas persoas non fixesen caso das recomendacións sanitarias; ou polo contrario, circularon pola rede outras novas de medios de comunicación sensacionalistas que alarmaban á poboación, poñéndose no suposto contrario á inexistencia.

Os autores ou difusores dos "bulos", destas "fake news", poden incorrer en varios delitos, atacando así a diferentes bens xurídicos protexidos. Delitos como o de odio; cando o contido dos "bulos" difundidos menoscaba a dignidade e xera descrédito de determinados colectivos.

Tamén se pode dar un delito de descubrimento e revelación de segredos, isto ocorrería cando a desinformación vaia acompañada de revelación de datos persoais. Chegando incluso a integrarse dentro dun delito contra a integridade moral do artigo 173.1 do Código Penal, o cal prevé penas de entre 6 meses e 2 anos de cadea.

As mensaxes de "bulos" que conteñan alarma, atentados terroristas ou catástrofes que impliquen situación de perigo para a sociedade ou fagan necesario o auxilio e a activación dos servizos de emerxencia, a afirmación falsa ou a simulación, poderían ser constitutivas dun delito de desordes públicos dos artigos 561 e 562 do Código Penal, o cal prevé sancións que van dende os tres meses e un día ata un ano de cadea, ou multa de 3 a 18 meses.

Os delitos de inxurias e calumnias que se poden cometer a través destas "fake news" veñen recollidos no artigo 206 do código penal, o cal prevé de seis meses a dous anos de multa, que aumentaría de 12 a 24 meses dita multa se se propagaran con publicidade.

Os "bulos" con falsas curas para o Covid-19 tamén estarían penados xa que se poderían integrar nalgún dos delitos contra a saúde pública previstos no Código Penal.

Combater as "fake news" non é unha tarefa doada. Como usuarios debemos ser responsables e medir as consecuencias de propagar e difundir este tipo de mensaxes sen previamente cotexar a información. No caso de que non esteamos seguros de que a información sexa verdadeira non debemos compartila nas nosas redes sociais nin por ningunha outra canle. Tamén os medios de comunicación deberían ter responsabilidade no tema, e á parte de non difundir esas novas falsas deberían desenvolver métodos e mecanismos de detección.

As consecuencias son evidentes e as causas radican en intereses económicos, políticos, cibercrime ou simplemente nacen co fin de propagar bromas virais. Debemos ter en conta antes de difundir unha "fake new" que podemos estar incorrendo nun delito e que a nosa conduta inconsciente e irresponsable pode estar penada, por iso debemos actuar con especial coherencia nos tempos que corren.

Proposta de dixitalización para os empresarios asociados a Asetem-CCA



Afrontar unha pandemia como a que estamos a vivir na actualidade obrigou a moitos negocios que aínda non tiñan presenza na Internet a actualizar o seu modelo para poder vender e prestar servizo tamén a través da rede.

Se ben é certo que dende a Asociación de Empresarios Terra de Melide xa se viña traballando meses atrás no lanzamento e promoción da plataforma de venda en liña *Zaska!*, agora e co obxectivo de proporcionar a todos os socios de Asetem-CCA unha ferramenta máis no seu acceso ao mundo dixital, a patronal está a estudar outra proposta para a dixitalización de todos os comercios e empresas asociadas.

"Con este proxecto, que de momento só estamos valorando –explica Pilar López, xerente de Asetem-CCA– buscamos que todo tipo de comercio que sexa socio de Asetem teña a oportunidade de ter o seu negocio nun subdominio da propia web de Asetem para poder vender on line; con iso conseguiriamos que cada empresa puidese ter a súa propia tenda en liña, pero a través dun modelo común integrado na web da asociación".

O beneficio desta alternativa radicaría en que "a través dunha única web como a de Asetem, sinxela pero moi potente porque está moi ben posicionada nos buscadores de Internet, os socios terían maior visibilidade e aforraríamos moitísimo diñeiro, pois ten en conta que unha tenda en liña supón normalmente para unha empresa un investimento que anda entre os 500 e os 1.000 euros; sen embargo desta forma, ao estar dentro da páxina web de Asetem aforrarían os gastos de aloxamento web e o custo para os socios sería mínimo, entre os 20 ou 30 euros ao ano máis ou menos", engade Pilar.

Concienciados coa idea de que o futuro pasa por estar na Internet, e máis ante as condicións sanitarias que vivimos, dende Asetem cren que toda alternativa que se lle poida ofrecer aos socios neste sentido é benvida. "Non se trata de sobrecargalos de traballo, trátase de ofrecer posibilidades, e unha vez que sobes o produto a unha aplicación tamén o podes subir á web –di a xerente–, cantos máis escaparates teñas na rede mellor; iso si, isto non funciona se as ferramentas non se utilizan e se non se soben ou promoven os produtos".

Asetem en Bandomovil

Por outra banda, Asetem-CCA tamén está barallando a posibilidade de sumar a súa web, ao xornal Cerne e ás redes sociais, unha aplicación da asociación a través de Bandomovil na que as persoas interesadas poidan consultar as novidades, cursos e demais noticias da patronal.

Achegas de entre 1.500 e 3.000 euros para autónomos e microempresas a través do PEL-Reactiva da Deputación

A Deputación da Coruña investirá 10 millóns de euros no programa PEL-Reactiva, unha nova liña do Plan de Emprego Local destinada a apoiar aos autónomos e microempresas de toda a provincia da Coruña para que poidan paliar "os efectos colaterais" da crise sanitaria do covid no ámbito económico.

A creación do PEL- Reactiva "suporá duplicar o investimento que a Deputación realizará en materia de emprego este ano", segundo explicou o presidente da Deputación, Valentín González Formoso, durante a presentación do novo plan.

Despois de ser aprobado en pleno, o PEL- Reactiva desenvolverase en colaboración cos concellos de menos de 50.000 habitantes e suporá achegas de entre 1.500 e 3.000 euros para autónomos e microempresas. Na comarca a asignación provincial ascende a máis de 378.000 euros.

Formoso destacou durante a presentación do novo plan que "non foi nada fácil" poñer en marcha este plan pola falta "dunha coordinación coa Xunta de Galicia, que non fomos capaces de conseguir" e, especialmente, "polas limitacións e restricións que a Lei Montoro impón ás administracións locais para poder usar os seus aforros procedentes de remanentes e superávit".

Neste sentido, o presidente denunciou "o sándwich de inxustiza" que supón non poder usar os aforros das administracións locais saneadas economicamente para unha cuestión "tan importante como a reactivación económica" e, ao mesmo tempo, ter que pagar aos bancos por manter eses fondos públicos nas súas contas correntes, "o que á Deputación lle custa arredor de 400.000 euros ao ano", afirmou.

Ampliado o prazo de solicitude para as achegas ás medidas anticovid ata o 17 de agosto

A Xunta de Galicia ampliou o prazo de presentación de solicitudes para as axudas do programa Reactiva comercio e servizos seguros ata o 17 de agosto.

Trátase dunha liña de apoio económico que ofrece achegas de ata 3.000 euros para implantar nos negocios medidas de protección fronte o Covid-19, e que poden solicitar autónomos, pemes e entidades de economía social.

As axudas cobren os gastos realizados para a adquisición de equipos de protección individual e de desinfección; a adaptación dos espazos con equipamento de seguridade e redución do contacto entre persoas; a realización das obras de renovación, limpeza e ventilación do aire; e a posta a disposición dos clientes de información relativa ás medidas hixiénicas e de protección.

Así, os establecementos comerciais, empresas do sector turístico e salóns de peiteado de menos de 10 traballadores poden obter apoios polo 100% das medidas activadas, desde 300 a 1.200 euros. Por outro lado, as pemes de menos de 50 traballadores tanto destes sectores como do transporte, os servizos e as actividades profesionais poden beneficiarse de apoios directos do 80% do custo nas medidas de seguridade precisas, desde un mínimo de investimento de 1.500 euros ata un máximo de 3.750, sendo polo tanto a axuda máxima de 3.000 euros.

O Concello de Melide inicia unha campaña de promoción do comercio por sectores

Despois de presentar a nova imaxe de marca baixo a cal se pretende unificar e potenciar o comercio de Melide, *Merca en Melide, Cerne de Galicia*, o Concello de Melide, a través da Concellaría de Promoción Económica, vai comezar en breve unha intensa campaña de promoción sector por sector.

Para iso vai comezar co sector que engloba aos salóns de peiteado, tal e como avanzou o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, en Radio Melide.

Á hora de elixir este sector para comezar coa súa difusión tívose en conta o impacto negativo que recibiron debido á pandemia do coronavirus e tamén que foi un dos menos promovidos.

A campaña, que leva por título "Coñece ao teu comerciante", será "moi individualizada" con carteis e vídeos persoais, para coñecer precisamente ao noso peiteador ou peiteadora que nos atende dende sempre.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

“Decidimos partir de cero porque as perspectivas apuntaban que nos ía custar moito retomar a actividade”

Despois do confinamento e tras dous meses de reforma, Muxica Tenda Xoven reabriu as súas portas con novidades como a venda de produtos ecolóxicos e cosmética natural

Todos os sectores sen excepción foron golpeados en maior ou menor medida pola pandemia do coronavirus. Entre eles atópase o do comercio, sobre todo o do comercio local; e se a iso lle engadimos o situado nunha vila que recibe miles de peregrinos ao ano, como é a de Melide, pois a situación complícase.

Pero como en todo na vida, tamén nunha crise sanitaria podemos atopar a oportunidade que agardabamos para reinventarnos e, neste caso, reconcibir o noso negocio. Precisamente iso é o que fixo Muxica Tenda Xoven que, tras varios meses coas portas pechadas, decidiu partir de cero incorporando varias novidades.

“Estivemos dous meses de reforma. Digamos que xa co confinamento a primeira idea que se nos veu á cabeza con respecto á cuestión profesional foi pensar en que se presentaban outros tempos, por iso decidimos partir de cero e así o concibimos; e por que? pois porque o comercio que temos non é de primeira necesidade e as perspectivas apuntaban a que nos ía custar moito máis retomar a actividade”, explica José Valiño, responsable de Muxica.

E así foi. Partindo de que a idea orixinaria da tenda abarca todo o relacionado con complementos e agasallos, a reforma incorporou a habilitación dun espazo máis amplo para xestionar os produtos e o servizo ao mesmo tempo, todo co obxectivo de facer o establecemento o máis adecuado e saudable posible.

Despois de dous meses de reforma abriron de novo as súas portas. “Volvemos a abrir e de momento moi ben, a verdade; moi contentos. É outra perspectiva de tenda; antes digamos que había moito espazo para o produto e pouco para as persoas, e agora é ao revés e vemos que a xente o agradece”, engade Valiño.

Pero ademais de crear espazo, Muxica integrou novos produtos na súa tenda. “Introducimos os produtos de alimentación ecolóxicos da cooperativa Milhulloa e tamén os da liña de cosmética ecolóxica de Muuhlloa, que é unha colaboración que ten Milhulloa con Granxa Maruxa e que conta con produtos naturais moi interesantes e que vemos que están gustando moito como son por exemplo o leite corporal, a crema facial e a loción capilar”.

Pilar e Marisol en Muxica (arriba), e cosmética de Muuhlloa e produtos ecolóxicos de Milhulloa (abaixo)

E todo isto sen deixar de lado as súas orixes e o elemento característico que marca a diferenza nesta tenda de Melide: os discos, a música. “Ademais das novidades, a tenda que abrimos ten como idea principal de negocio un abano bastante extenso en canto ao ámbito de agasallos e complementos, pero sen esquecer a música que tamén temos. De feito –lembra Jose–, os discos son un elemento moi diferenciador de Muxica porque non creo que hoxe en día queden moitas tendas de discos, que ademais foi como arrancou orixinariamente a tenda, e que aínda vendemos e compramos".

Con estas novidades e coa mentalidade aberta a posibles cambios e novas incorporacións, dende Muxica parten de cero, pero coa firme intención de “profundar nesa liña de traballar co produto local, co produto galego e nacional”. E é que se dende sempre traballaron coa artesanía, agora cobra aínda máis forza na tenda o obxectivo de potenciar a venda sostible e de proximidade. “Sabemos que no noso sector é complicado, porque case todo é Made in China, pero a nosa aposta agora que partimos de cero é primar o produto local”, afirma Valiño.

Un perfil de cliente que foi variando

Coa maior parte das festas e eventos cancelados ou aprazados, e co turismo do Camiño de Santiago amosando aínda os primeiros síntomas de movemento é lóxico que o comercio melidense se resentise e, polo tanto, que o perfil do cliente tamén cambiase. Neste senso, José Valiño destaca a importancia que tivo “o turismo e todo o que xira arredor do Camiño durante todos estes anos porque as vendas a nivel de consumo interno baixaron moitísimo”, mais, contrariamente ao que moitos puidesen crer “no meu comercio por exemplo –engade– a semana de San Roque pasa por ser a semana economicamente máis baixa en canto a vendas”.

Á espera de ver como se desenvolve este San Roque (coas festas suspendidas) e coñecendo o impacto que o virus do Covid tivo no sector turístico, para o responsable de Muxica queda claro que o modelo debe cambiar. “A pregunta que debemos facernos é, pode un país desenvolverse sen un músculo industrial forte e derivar case todo a un sector como é o turismo? Pois non, é insostible. Quedou demostrado coa pandemia, por iso necesitamos poñer a andar este país cara outro lado”.

Ademais, en relación ao comercio de proximidade, Jose sinala esta época como “unha moi boa oportunidade para crear un modelo onde o rural se desenvolva, e se desenvolva nunhas condicións de vida digna”. “Ao mellor agora –destaca– é un bo momento para que as comunidades se fortalezan, e niso conta moito a vida económica, e nunha comunidade como Melide conta moito o comercio local”.

A Muxica Tenda Xoven, como ao comercio en xeral, tocoulle reinventarse e adaptarse a un novo tempo imposto polo coronavirus; de aí que tamén estea na plataforma de venda en liña *Zaska!*; non obstante, tal e como apunta Valiño aínda quedan tarefas pendentes. “É de primeira necesidade para o comercio local en Melide a habilitación de espazos de aparcamento; está ben dispor de lugares peonís, pero se non hai onde aparcar, o comercio témolo complicado”, reclama. Unha reivindicación á que suma “a falta dun proxecto estratéxico claro e definido” para atraer xente ao comercio no momento no que se abra a autovía A-54 ao seu paso por Melide. A este respecto, Jose agarda que “a súa apertura sume xente a Melide en vez de restala”.

Asetem-CCA entregou os premios dos Días Brancos

Ana Agra (esquerda) foi a primeira en pasar polas oficinas de Asetem-CCA para recoller o seu premio por participar na campaña dos Días Brancos. Fixo unha compra na tenda de moda infantil ***Sueños*** e no sorteo resultou premiada cun lote de queixos da Denominación de Orixe Protexida Arzúa-Ulloa.

No seguinte sorteo celebrado nas oficinas de Asetem a agraciada foi **Cristina Gómez** (dereita). Cristina realizou unha compra durante os Días Brancos na tenda de ***Mis Mejores Labores*** e ao enviar o seu tícket resultou premiada cunha cea valorada en 100 euros a desfrutar na hostalaría asociada a Asetem.

Lucía Agra (dereita) foi a terceira premiada no sorteo da campaña dos Días Brancos. Lucía mercou en ***Sport Moda*** e o seu agasallo foi un circuíto termal para dúas persoas no Hotel Balneario Río Pambre.

O último sorteo dos Días Brancos premiou con 150 euros en vales de compra a **Mónica Varela** (esquerda). Mónica, que fixo a súa compra en ***Mobles Ares***, poderá utilizar os vales en calquera dos comercios e establecementos asociados a Asetem.

Feira de oportunidades
Melide
II mercamelide
no Camiño
7/8 e 9
AGOSTO
2020
7
venres
de 18:00 a 22:00h
8
sábado
de 11:00 a 14:00h
de 17:00 a 22:00h
9
domingo
de 11:00 a 14:00h
Merca en
Melide
Cerne de Galicia
XUNTA DE GALICIA
CONCELLO DE MELIDE
CCA Melide
CentroComercialAberto
ASETEM
galicia
Deputación DA CORUÑA

Directorio 11

ASESORÍA

CC Xestión
Fernández Flórez esq. Av. América
881 97 33 07

Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

Francisco Gómez y Cía. S.L.
Lg. A Mina S/N, Touro
981 51 73 17

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12

Blangar
Ctra. Lugo km 46 (Melide)
981 50 54 18

Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodegas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62

Borboriño Xeado
Rúa de San Pedro, 5
881 99 05 50

Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60

Gallega de Cárnicas S.L.
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00

Carnicería Cardelle
Florentino L. Cuevillas, Baixo
981 50 54 37

Carnicería Maruja
Rúa Peregrino, 1
610 666 704

Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98

Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03

Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96

Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21

Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60

Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68

DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
981 93 76 65

Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17

Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64

Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00

Espomasa
Ctra. Melide-Toques, km 8, Toques
981 50 59 71

Estc. de Sv. Corredoiras
Corredoiras, 14, Boimorto
981 51 60 04

Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96

Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17

Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29

Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80

Floristería Strelitzia
Taboada Roca, 4, baixo
881 81 91 01

Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64

Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92

Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47

Funeraria El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89

Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50

Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56

Instituto de la Sordera
Ronda da Coruña, 34
648 754 761

Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24

José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35

La Frutería de Celia
Cantón de San Roque, 3
981 50 79 38

Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54

Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34

Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75

Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55

M&M Moda
Travesía do Convento, 1
981 94 24 15

Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94

Modas Dándolo
Rúa do Convento
981 50 63 70

Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81

Mercería Isabel
Rúa Camiño de Ovedo, 3
981 50 52 56

MEyPA Inst. Eléctricas
663 97 22 81

Mis mejores labores
Rda. da Coruña, 38
981 50 90 85

Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64

Modista Mª Luisa Pereiro
Rúa Folicheiro, 41
626 90 61 23

Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34

Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66

Óptica Alain Afflelou
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97

Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67

Óptica Tábora
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99

Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74

Pasarela
Alexandre Bóveda, 10
981 50 59 08

Parafarmacia O Cantón
Cantón de San Roque, 28
981 937 350

Panadería e Past. Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81

Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53

Pastelería Trisquel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98

Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84

Pescados Manolo
Garceiras, 3 - Baixo
629 81 20 29

Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26

Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19

Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18

Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18

Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56

Salacadula Shop
Avenida de América, 3
881 81 94 95

Sanoguera Fotografía
622 22 28 10

Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17

Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87

Suministros Inds. Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54

Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27

Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 95 63 94

Xoguetería Toysmaniatic
Rda. Coruña, 36
981 50 51 95

Xoiería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68

Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

Xoiería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97

Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66

CONSTRUCIÓN

Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29

Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73

Construcciones Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59

Cubiertas Hnos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94

Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92

Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10

Hormigones Carral
Sta. María de Veira, As Travesas, Carral
981 50 50 25

Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela, Parcela 30
981 17 36 16

Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla, Santiso
981 50 55 18

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68

Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34

Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55

Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44

Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33

O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73

Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07

Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76

Parrillada Pilmar
Santa María
981 50 76 17

Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
691 57 81 32

Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91

Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52

Ana Mato Salgado Avogada
Rúa Xesús Carro, 15, 2º
671 833 425

Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94

Autoescola Agra
Ronda de Pontevedra, 23
981 50 53 76

Autoescola Marte
Ronda da Coruña, 38
981 50 54 60

Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05

Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44

Escala 5.9 Espectáculos
Melide (A Coruña)
609 923 888

Eva Novás Mato Avogada
Rúa San Antón, 5
662 30 26 18

Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33

Hardgalicia - "R" - Juifi
Rúa San Pedro, 16
693 77 88 66

Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
900 866 972

Meixela, (Centro de Estética)
Tania Arias, (Dietista - Nutricionista)
Rúa Rosaleda, 5, Baixo
639 44 06 88 (Meixela)
683 32 44 11 (Tania A.)

Peluquería Coral
R/Joaquín Gundín, 7
981 50 53 23

Peluquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
650 43 63 75

Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66

Skala Peluqueros
Almirante Brown, 19-21
981 50 59 03

Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69

Zafiro Tours
Rúa do Convento, 6
881 97 56 43

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36

Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31

Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00

Talleres Diego Fernández
Polígono da Madanela (Parcela 23), Melide
626 430 275

Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

Talleres Vulcano
Pol. Ind. da Madanela Parcela 22
654 449 732

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80

Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Bombeos Cabado
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89

Mª Jesús Vázquez Coego
Taxi en Melide
667 682 771

Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70

Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela, parcela 79
981 51 58 18

Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

Advirten do acusado deterioro que está a sufrir a igrexa parroquial

A estrutura acumula humidades, desprendementos e numerosas fendas que poderían provocar un colapso

Desprendementos, humidades, numerosas fendas... son danos evidentes a simple vista na igrexa parroquial de Melide que, co paso dos anos, se foron agravando. Precisamente iso, que a situación empeora e cada vez máis rápido é o que denuncian dende o Museo da Terra de Melide e tamén o párroco da igrexa, José Manuel Melle.

"O problema co que nos atopamos é que a situación estase agravando; choveu e iso produciu problemas de filtración na cuberta, e ao haber filtracións de auga pola cuberta iso está orixinando desprendementos do recebo da bóveda e que vaia entrando auga por esas fisuras", explica Xurxo Broz, arqueólogo e colaborador do Museo da Terra de Melide.

"Esas pezas que se desprenden, ademais de que lle poden caer a alguén enriba, tamén poden facer efecto dominó, e se corre unha doela as outras tamén se poden deslizar e pode colapsar o arco, así que o problema é grande", engade Xurxo ante o temor dun colapso.

Ao problema das humidades hai que sumar outros múltiples como os danos nos combados e as doelas do muro norte da capela maior, desprendementos de doelas, diferentes fisuras, sen esquecer o progresivo vencemento dos arcos que suxeitan a bóveda ao carecer a igrexa parroquial dos contrafortes necesarios. Neste senso, o colaborador do Museo da Terra de Melide tamén destacou que "os tensores que actúan de amarre para que os muros non se abran e a bóveda non se veña abaixo foron postos hai 100 anos; dende entón, a igrexa non recibiu ningunha reforma, só se taparon as fisuras puntualmente".

A solución, actuar sobre o máis urxente

Conscientes de que unha intervención de envergadura sería inaccesible dende a parroquia, tanto o arqueólogo como o párroco de Melide coinciden en sinalar que o apropiado sería actuar de urxencia no máis imprescindible. "De momento imos facer un proxecto técnico a nivel parroquial, porque a intervención que se require precisa dunha inversión inasumible por parte da parroquia; pero como é algo que había que facer na maior brevidade posible pois polo menos ir arranxando o máis necesario", apuntou José Manuel Melle, párroco da localidade.

"Xa contactamos cunha empresa de restauración e cando chegue o presuposto para o proxecto, e por suposto previa autorización de Patrimonio, o obxectivo é actuar no máis urxente que sería ir estabilizando as pezas que poidan desprenderse mediante unha inxección de resina; iso sería o fundamental", detalla Broz.

Para esta e futuras intervencións, Museo e Igrexa apelan á colaboración das diferentes Administracións; "tanto a nivel local, como sería o Concello de Melide, como autonómico á Xunta de Galicia ou estatal ao Ministerio correspondente, pois como non se faga nada o risco de desprendemento e incluso de que poida derrubarse algún arco será maior", insisten dende o Museo.

A igrexa parroquial de Melide, que permanece aberta a diario, ten un importante valor patrimonial e histórico, ademais de que se atopa situada en pleno Camiño de Santiago.

A orixe do problema

A orixe do problema na igrexa parroquial de Melide remóntase a finais do século XIX. "Antes, pegado á torre, onde está a actual casa reitoral, había un convento que se foi desmantelando ata desaparecer por completo. Ao desmantelarse o convento, que lle facía de contraforte e de estribo á igrexa, e ao ter só unha torre no lado norte e non ter unha torre de compensación no lado sur o peso foi cargando cara un só lado e comezaron a producirse fendas enormes", explica Xurxo Broz.

"Ao ver que empezaban a producirse fendas enormes colocáronlle uns contrafortes adosados ao muro norte da nave. Que pasou? que a finais do século XIX ocorréuselles edificar a casa reitoral, que é a que temos hoxe en día, e para poder edificala suprimiron os contrafortes".

Coa súa supresión volveu a agravarse o problema das fendas, así que realizáronse unha serie de reparacións para tapar as fisuras, que cada vez eran máis acusadas. "Foron parches, porque por moito que tapes unhas fendas con iso non consegues estabilizar unha estrutura, pero xa a cousa non debía ir moi ben porque na década de 1920, por medo a que a bóveda se viñese abaixo debido a que o muro norte e o muro sur cada vez se ían separando máis, optaron por poñer unhas vigas por fóra das ventás que son os amarres dos tirantes tensores que van dun lado a outro da bóveda". Con eses tensores conseguiron que os muros deixasen de abrir, de separarse, e polo tanto que a bóveda non se viñese abaixo.

Non obstante, a día de hoxe e tendo en conta que os tensores levan postos 100 anos, "os arcos faixóns, que terían que sustentar a bóveda e que terían que ser arcos de medio punto, están actualmente rebaixados, vencidos, porque os muros non están actuando correctamente e non están repartindo ben as cargas". Para corrixir esta situación sería preciso "colocar outra vez contrafortes exteriores, para que os muros teñan un empuxe cara a dentro e non cara a fóra".

A solución ideal pasaría por un proxecto para "reparar o tellado, picar todos os recebos e volvelos a fixar e recolocar ou estabilizar os tensores, ou en todo caso incluso colocar uns contrafortes de compensación de cargas", aclara o arqueólogo e colaborador do Museo da Terra de Melide, Xurxo Broz, que tamén apunta que "sería unha obra custosísima e de gran envergadura", motivo polo que urxen a actuar "polo menos, no máis imprescindible".

Un proxecto permitirá a detección temperá do covid na depuradora de Melide

Un proxecto conxunto entre a Xunta, a Universidade de Vigo e o CSIC (Consello Superior de Investigacións Científicas), permitirá rastrexar o virus do Covid-19 en varias depuradoras de augas residuais de Galicia, entre elas a de Melide.

A novidade deste proxecto é a análise e detección do virus SARS-CoV-2 mediante técnicas avanzadas para establecer a presenza de virus a través de feces, augas residuais e bioindicadores mariños.

Así, para a detección do Covid-19 e a carga viral, realizarase a toma de mostras no entorno do vertido final (río ou mar), con especial atención á detección do virus en especies como o mexillón. Tamén se farán mostras nestes animais (de batea ou roca) que se atopen próximos ás saídas das depuradoras.

Os resultados dos traballos proporcionarán información sobre cal é o estado da pandemia, permitindo unha detección prematura de posibles rebrotes que, ademais, contribuirá a determinar a evolución da pandemia en Galicia.

Estas tarefas de investigación conxunta, na que agora se incluirá a depuradora de Melide, comezaron no mes de maio nas instalacións de Cambados, Nigrán e Baiona. Ata o de agora, nestas depuradoras tomáronse un total de 168 mostras entre os meses de maio e xuño. Hai que sinalar que ata o momento, os resultados das análises completadas en 77 mostras resultaron negativas na presenza de material xenético do SARS-CoV-2.

O orzamento global do proxecto ascende a preto de 70.000 euros e conta cun prazo de execución inicial de 3 meses, prorrogable.

O alumnado do IES poderá preparar de balde as probas de certificación da EOI

O IES de Melide, xunto a outros 31 centros públicos de toda Galicia, participará no programa CUALE o vindeiro curso 2020/2021. Así, a través desta iniciativa os alumnos e alumnas do IES de Melide poderán preparar de balde as probas de certificación da Escola Oficial de Idiomas. No caso de Melide as modalidades son A1, A2, B1 e B2 de inglés.

Melide amplía os servizos dixitais do Concello cunha achega de fondos Leader

A xunta directiva do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ulla Tambre Mandeo vén de seleccionar os proxectos promovidos por entidades públicas locais que serán beneficiarios dunha achega Leader na convocatoria 2020-2021, e entre os que se atopa a posta en marcha do Portal do Cidadán e da App correspondente no Concello de Melide.

"Con este novo servizo dixital –explicaron dende o GDR–, o Concello ampliará o catálogo de recursos e servizos en liña posto a disposición da cidadanía local e dos visitantes do Concello de Melide, mellorando o acceso e promovendo o uso das novas tecnoloxías no rural".

O investimento total para este proxecto ascende a 18.000 euros; mentres que a achega do Leader será de 10.000 euros aproximadamente.

Achega da Deputación da Coruña para o Servizo de Normalización Lingüística

Melide será un dos concellos, máis de corenta en toda a provincia da Coruña, que se beneficiará da liña de apoio á creación e mantemento dos servizos de normalización lingüística; unha liña á que a Deputación da Coruña destinou case 460.000 euros. No caso concreto de Melide a achega será de 15.000 euros, o máximo por servizo.

A responsable da área de Normalización Lingüística da Deputación, María Muíño, defendeu o compromiso da institución provincial co galego e a necesidade de fomentar o seu uso desde as institucións. "Os concellos son as administracións máis próximas á veciñanza e, polo tanto, poden cumprir un papel esencial á hora de promover o uso do galego", apuntou.

A liña de axudas contribúe ademais á contratación de persoal especializado nos concellos e á creación de emprego no sector.

Preto de 370.000 euros para a reforma íntegra da rúa Camiño Real

O Concello de Melide investirá 366.562 euros, procedentes do Plan Único da Deputación da Coruña, na reurbanización e posta en valor da rúa Camiño Real.

As obras, financiadas integramente cos fondos adicionais do Plan Único (POS+2019) suporán unha importante mellora estética, unha renovación dos servizos e unha aposta pola humanización dunha zona que forma parte do viario tradicional de Melide e do Camiño de Santiago, xa que precisamente na localidade confluén as rutas do Camiño do Norte e o Camiño Francés.

O proxecto propón a reforma integral e a posta en valor desta céntrica rúa, dende o seu cruce coa rúa Eduardo M. Turner ata a rúa Campo Grande. Para iso, levarase a cabo a substitución dos pavimentos, a renovación das redes de saneamento e abastecemento de auga, o soterramento e canalización dos tendidos aéreos de electricidade e telecomunicacións e a revisión do sistema de alumeado público existente.

Ademais da mellora estética da contorna, as obras melloran a seguridade e a accesibilidade da rúa (que ten o tráfico rodado limitado a residentes coa única excepción do acceso a un dos colexios da localidade) grazas a unha mellor ordenación do tráfico rodado e peonil.

Reforma acorde ao valor histórico da rúa

Pola súa banda, os novos pavimentos serán de formigón lavado na zona de tránsito de vehículos, e de lousa de granito e baldosas de formigón na zona peonil, máis acorde co valor histórico da rúa e os espazos aos que dá servizo. Ambas discorrerán ao mesmo nivel, primando a accesibilidade total no espazo.

O proxecto inclúe tamén o axardinamento e dotación de novo mobiliario urbano, coa colocación de bancadas de granito e árbores que dean maior calidade ambiental á zona; e engloba así mesmo as propostas do Plan de actuación da Mancomunidade de municipios galegos do Camiño Francés para potenciar a imaxe corporativa coa fixación de elementos comúns nas intervencións realizadas nesta ruta xacobea.

Máis de 700.000 euros para a comarca nunha achega adicional do Plan Único

O pleno da Deputación da Coruña aprobou a finais do mes de xullo, e por unanimidade de todas as forzas políticas, unha partida adicional de 15 millóns de euros para o Plan Único (POS+ 2020), o que eleva o orzamento do POS+ para este ano ata os 66,2 millóns de euros. Na comarca, esta achega adicional suporá un investimento de 711.715,71 euros nos concellos de Melide, Santiso, Sobrado e Toques.

Con estes fondos a Deputación contribúe a financiar o funcionamento de numerosos servizos municipais básicos. "Son investimentos que moitas veces non se ven, pero que son fundamentais para a veciñanza no seu día a día, pois van dende a recollida e tratamento de lixo, ao alumeado público e a conservación de parques, xardíns, estradas e camiños municipais, así como ao mantemento de servizos sociais, escolas infantís e outras prestacións públicas", apuntaron dende a entidade provincial.

Destino dos fondos

O Plan Único distribúe os fondos baseándose en criterios obxectivos e ofrece ademais total autonomía aos concellos á hora de decidir en qué investir os fondos achegados dende a Deputación, o que permite adaptar os investimentos ás necesidades concretas de cada municipio. Deste xeito, os Concellos de Santiso e Sobrado destinarán estas achegas adicionais do Plan Único integramente a financiar o seu gasto corrente, o Concello de Melide a investimentos e o Concello de Toques repartirá os fondos entre gasto corrente e investimentos.

Concello	Gasto corrente	Investimentos	Total
Melide	---	250.436,68 €	250.436,68 €
Invest.: mell. pavime. e segur. pistas Orois a Maceda e ou.:			208.732,86 € (Deputación) 41.703,82 € (Concello)
Santiso	118.364,73 €	---	118.364,73 €
Sobrado	139.740,77 €	---	139.740,77 €
Toques	27.063,51 €	78.073,07 €	105.136,58 €
Invest.: camiño de Vilares a Baamonde: 78.073,07 €			
TOTAL POS+ Adicional 2/2020 na comarca:			**711.715,71 €**

A asociación de troiteiros Río Furelos de Melide suspende as xornadas de limpeza

A asociación de troiteiros Río Furelos de Melide non celebrará este ano, debido ás circunstancias sanitarias, a décimo sexta edición das xornadas de limpeza polo río Furelos e afluentes, que nun principio se ían desenvolver os sábados 29 de agosto, 5 e 12 de setembro. O presidente da asociación, Xavier Pazo, indicou que "por responsabilidade, a mellor decisión é suspendelas e aprazar todo ao ano que vén".

Melide e Santiso amplían as coleccións da biblioteca

Melide e Santiso beneficiaranse este ano das axudas que a Xunta de Galicia ten en marcha para mellorar as coleccións bibliográficas e dotar de novidades editoriais as súas bibliotecas, e axencias públicas de lectura municipais, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia.

No caso das achegas destinadas á mellora de coleccións bibliográficas Melide recibirá un total de 1.932 euros.

Pola súa banda, dentro do programa de axudas destinado a dotar de novidades editoriais en galego en formato físico, o concello de Melide recibirá 1.461 euros e Santiso 487 euros.

Descende o paro na comarca en 22 persoas a finais de xullo

As cifras do paro na comarca dan un pequeno respiro ao remate do mes de xullo deixando 22 persoas desempregadas menos con respecto ao mes anterior. Así, a cifra total de desempregados a finais do mes de xullo na comarca é de 590 persoas (612 ao remate de xuño).

Por concellos, descende o paro en todos os municipios agás en Santiso que se mantén sen movementos. Deste xeito, en Melide hai 414 persoas desempregadas (13 menos con respecto ao mes de xuño); en Santiso mantense a cifra en 76 persoas sen emprego; en Sobrado descende o paro en 7 persoas pasando de 63 a 56 desempregados, e en Toques son 44 as persoas sen emprego, 2 menos que en xuño.

A Deputación construirá unha nova senda peonil en Toques

D.C.

A Deputación da Coruña sacará proximamente a licitación un proxecto para a mellora da seguridade viaria na DP-4604 ao seu paso por A Zarra, A Barxa e Souto, no Concello de Toques; unha actuación que contará cun orzamento de 117.973 euros.

O presidente da Deputación, Valentín González Formoso, visitou a zona xunto co alcalde do municipio, Miguel Ángel Buján, e constatou a necesidade de "incrementar a seguridade para os peóns nunha zona que conta con edificios a ambas marxes da estrada e que precisa dunha renovación moi demandada para adaptarse á realidade das persoas que transcorren por ela", indicou.

As obras permitirán construír unha senda peonil de 2 metros na marxe dereita da DP-4604 ao seu paso por A Zarra, A Barxa e Souto. Esta unirase coas beirarrúas existentes en ambos extremos. O camiño contará cun solo de cemento e será accesible para todas as persoas.

A súa vez, incluirase no proxecto a prolongación da senda existente na marxe dereita da travesía de Souto entre os puntos quilométricos 7+479 e 7+585. A iniciativa tamén inclúe a execución dunha rede de recollida de pluviais nas zonas necesarias.

Sobrado rexistra un pequeno tremor de intensidade 1,6



Foi na madrugada do 20 de xullo, concretamente ás 03:34:06, e tivo o seu epicentro no municipio de Sobrado; así o recolleron no Instituto Geográfico Nacional (IGN), dende onde tamén apuntaron a unha magnitude de 1,6 na escala Richter.

Unha intensidade moi leve, sumado á hora na que se produciu, propiciou que a maioría da poboación nin o percibise.

Os tremores de terra de intensidade débil e moi débil son frecuentes en toda a comunidade.

O PP local critica que Toques quede sen Rede Cultural

O voceiro do Partido Popular de Toques, Miguel Castro, acusou ao goberno bipartito da localidade de "privar de ocio de calidade á veciñanza durante este verán, ao non solicitar a subvención da Rede Cultural da Deputación da Coruña que achega ás vilas da provincia actuacións de todo tipo".

Castro criticou que "o goberno perdese a subvención da Rede Cultural", e que polo tanto "os veciños teñan que desprazarse a outros concellos lindeiros que si contan con espectáculos programados para gozar do verán".

Dende o Partido Popular local tamén cuestionaron a falta durante este verán, de "campamentos urbanos para facilitar a conciliación laboral e familiar dos empadroados en Toques que teñen que levar os seus fillos e fillas a concellos limítrofes".

SAN ROQUE
CULTURAL
MELIDE 2020
CONCELLO DE MELIDE
Deputación DA CORUÑA
SÁBADO 15
20:00 H PASARRÚAS A CARGO DO GRUPO DE GAITAS HERBA GRILEIRA
21:30 H CONCERTO DE BANDA DE MÚSICA DE VALGA CON NELSON QUINTEIRO (PARQUE ROSALÍA)
23:00 H CONCERTOS (CANTÓN DE SAN ROQUE)
GRUPO K8 + CUARTA XUSTA
DOMINGO 16
10:00 H DIANAS E ALBORADAS CON DISPARO DE BOMBAS DE PALENQUE
11:30 H PASARRÚAS A CARGO DO GRUPO DE GAITAS FROITO NOVO
13:00 H MISA SOLEMNE NA IGREXA PARROQUIAL
19:00 H ACTIVIDADE INFANTIL LYDIA BOTANA/ DE AQUÍ PARA ALÁ (PRAZA DO CONVENTO)
21:30 H CONCERTO DE BANDA DE MÚSICA ANTAS DE ULLA (CANTÓN DE SAN ROQUE)
23:00 H CONCERTO DE GARUFA BLUE DEVILS BIG BAND (PARQUE ROSALÍA)
LUNS 17
10:00 H DIANAS E ALBORADAS CON DISPARO DE BOMBAS DE PALENQUE
11:30 H PASARRÚAS A CARGO DO GRUPO DE GAITAS SANTIAGUIÑOS DE BOIMORTO
11:30 H CAMPIONATO DE TIRAPEDRAS (PRAZA DAS COLES)
19:00 H ACTIVIDADE INFANTIL: A TROPA DO DOUTOR MILAGRE (PARQUE ROSALÍA)
21:30 H CONCERTO DE BANDA DE MÚSICA DE VISANTOÑA (PARQUE ROSALÍA)
23:00 H CONCERTO DE LEIRABUXO (CANTÓN DE SAN ROQUE)
MARTES 18
19:00 H ACTIVIDADE INFANTIL OHLIMPIADAS! (PRAZA DO CONVENTO)
23:00 H CONCERTO ALTERNATIVO XUVENTUDE:
GARCÍA MC & NACIÓN QUILOMBO (PARQUE ROSALÍA)
MÉRCORES 19
19:00 H ACTIVIDADE INFANTIL MAGO PACO HOCUS POCUS
(CANTÓN DE SAN ROQUE)
21:00 H CONCERTO DE CUARTETO MIJAIL MORIATOV
(PRAZA DO CONVENTO)
XOVES 20 DÍA DO NENO
19:00 H ACTIVIDADE INFANTIL PAKOLAS (CANTÓN DE SAN ROQUE)
CON XEADOS DE BALDE PARA TODOS OS NENOS E NENAS
22:00 H CONCERTO DE OS MELIDAOS (PARQUE ROSALÍA)
ANIMACIÓN DE RÚA CON MÚSICA DE CHARANGA:
HORARIO: DE 12:30 A 15:00 H
CHARANGA BCB: 14 AGOSTO
CHARANGA BB+: 15 AGOSTO
FANFARRIA TAQUIKARDIA: 16 AGOSTO
CHARANGA ARDORES: 21 AGOSTO
BRASSICA RAPA: 22 AGOSTO
CHARANGA MEKÁNIKA: 23 AGOSTO
CAPACIDADE LIMITADA
RESERVA A TÚA PRAZA:
NO TELÉFONO 981505003 EXT. 5
OU NO CORREO ELECTRÓNICO
RESERVASCULTURAIS@CONCELLODEMELIDE.GAL

ESPIÑO

- PROMOCIÓN INMOBILIARIA
- CONSTRUCCIÓN EN GENERAL
- REHABILITACIÓN Y ACONDICIONAMIENTO
- DISEÑO Y PROYECTO ARQUITECTÓNICO
- MOBILIARIO DE COCINA Y COMPLEMENTOS
- REALIZACIÓN DE TODO TIPO DE OBRA CIVIL

R/Concepción Arenal 5, Bajo
15800 – Melide
A Coruña

Tlf.: 981 507 729
e-mail: m.espino@construccionesespino.com

ESPECIAL BAÑOS

- Sustitución de bañera por plato de ducha
- Platos a medida. Fabricación propia
- Paredes sin juntas con formato grande de 'Techlan' o 'Dektom'

¡¡¡¡Recuerda, elimina tus viejos azulejos por los nuevos formatos sin juntas!!!!

TRABAJOS EN CEMENTERIO

- Revestimientos de nichos
- Grabado de placas
- Chapas de acero
- Letras de acero, bronce y porcelana

OTROS TRABAJOS

- Fachadas ventiladas
- Fachadas Sate
- Fachadas de piedra, granito, 'Dektom' o 'Techlan'
- Fachadas y muros de perpiaño
- Columnas, balaustres

marmolería melide

Parque Empresarial
La Madanela, Parcela 42
15.800 MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 505 518
Fax.: 981 505 518
e-mail: marmolmelide@gmail.com

Excavaciones
PARADELA, S.L.

Tlf.: 981 50 55 92
607 19 95 82

Ribeiro - Melide (A Coruña)

CLM

Construcciones Leonardo Miguelez sl

Plg. Ind. A Madanela - Tlf: 981 50 52 73 15800 Melide

“De ter que pasar a pandemia na Antártida creme que é onde mellor se estaría, é o sitio máis seguro”

Poucas veces se presenta a oportunidade de entrevistar a un melidense que viaxou á Antártida nunha misión co Exército de Terra, pero sabendo que pasa parte das vacacións durante o mes de agosto na súa vila natal non podiamos deixar de intentalo.

Falamos de Javier Mosteiro Abelairas, sarxento primeiro do Exército de Terra e natural de Campolongo (na parroquia melidense de Folladela), que actualmente está destinado no Tercio “Gran Capitán” 1º da Lexión en Melilla.

Javier Mosteiro participou nas XXX e XXXI Campaña Antártica do Exército de Terra; unha iniciativa que se desenvolve cada ano na Base Antártica Española Gabriel de Castilla situada na Illa Decepción. “Trátase da base máis antiga, con máis de 30 anos, e a misión máis antiga do Exército de Terra”, tal e com explica Javier.

E onde queda a Illa Decepción?, pois nin máis nin menos que no arquipélago das Illas Shetland do Sur, “a escasos 100 km ao norte do continente antártico, a máis de 1.000 km do lugar poboado máis próximo e a 13.000 km de España”.

Durante aproximadamente catro meses tanto el como os seus compañeiros traballaron en proporcionar seguridade e apoio loxístico á investigación científica que se desenvolve en dita Base; un día a día “moi familiar” repleto de experiencias e aprendizaxe. E tan positiva foi a experiencia que Javier Mosteiro recoñece que “todos os anos” solicita de novo participar na mesma expedición.

- Como se iniciou no exército e en que momento xurdiu a oportunidade de participar na *Campaña Antártica*?

- Javier Mosteiro (J.M.): Pois de pequeno xa me gustaba este mundo e tiña claro que quería formar parte del. Acórdome que estaba no instituto e a min estudar non me gustaba moito a verdade; o que son as cousas porque agora estou estudando máis ca nunca. Así que con 16 anos marchei para Zaragoza, ao que no seu día foi o Instituto Politécnico do Exército. Ao acabar estiven en Calatayud dous anos e medio, e de aí o meu primeiro destino foi Salamanca. Estando en Salamanca estiven en Afganistán, en Iraq, e despois pedín destino para A Coruña, onde estiven uns anos e xa me decidín a ir a academias oficias. Entrei e actualmente estou destinado na Lexión en Melilla. Precisamente aí, estando en Melilla, foi cando solicitei para a *Campaña Antártica*, que foi un soño que sempre tiven. A primeira vez non puido ser, pero á segunda si, e despois tiven a sorte de poder ir dúas veces.

Javier Mosteiro coa bufanda do Cire Melide en plena Antártida e tamén desempeñando o seu cometido na *Campaña Antártica* do Exército de Terra (Fotos: J.M.)

- Como se preparan para ir á Antártida?

- J.M.: Realizamos diferentes preparacións, como por exemplo a que se fai no Grove, realizando prácticas de navegación, ou no Pirineo oscense con adestramentos e probas polas montañas. Ambos lugares recrean bastante ben as condicións ás que te podes enfrontar na Antártida, por iso se realizan alí. É formación sobre normas de seguridade, primeiros auxilios, emprego de material específico de montaña como raquetas ou piolets, anclaxes de neve etc. E logo ao chegar á Antártida cumprimos un protocolo con medidas como por exemplo levar todo desinfectado, a ser posible roupa nova, todo envasado ao baleiro...

- Unha vez na Antártida, que tal foi a experiencia? Que destacaría?

- J.M.: Podería contar moitas cousas, ensinar moitas fotos, pero nada como vivilo. Xa dende que empezamos aquí con toda a preparación é algo especial, a preparación tanto en montaña como en auga. Tamén como te preparas para xestionar alí o día a día, porque na Antártida hai que ser moi polivalente, non vale dicir “eu só vou coa miña especialidade e non fago nada máis”. Logo durante a viaxe xa vas sentindo emocións. Cando te vas achegando á Antártida e ves algún iceberg, as baleas, os pingüíns, focas, elefantes mariños... todo é impresionante e sorpréndeste con todo porque sabes que iso non o vas ver en ningún lado por moitos zooló-xicos que visites. Non sei, todo é curioso.

- E que foi o peor deses catro meses na Antártida?

- J.M.: O máis duro creo que é o mesmo que dicimos todos, estar lonxe da familia. Eu teño tres nenos e sabes que se pasa algo non vas poder chegar; ao mellor podes vir si, pero igual chegas unha semana ou dúas máis tarde. Iso é o peor. Os que nos embarcamos neste tipo de misións, sobre todo á Antártida, temos que ir moi concienciados e sabendo que se pasa algo ao mellor non chegas a tempo. Despois o que é o día a día alí é doado, e tamén te adaptas aínda que haxa a quen lle custe máis ou menos, máis que nada porque é un ambiente moi familiar.

- Cal foi o seu cometido na misión?

- J.M.: No meu caso e tendo en conta que a miña especialidade é a automoción, o meu cometido foi o mantemento da base, motores e acompañamento do persoal científico. Abría a base, encargábame dos motores, das embarcacións, tamén fun de patrón de embarcacións... Hai que ir un pouco preparado para todo o que sexa necesario, e iso si, sempre acompañando aos científicos. Esa é a nosa función, velar pola súa seguridade, comodidade e que non lles falte de nada. Alí os obxectivos primordiais do Exército de Terra son dar apoio loxístico á comunidade científica, →

← que os científicos non vaian sós a ningún lado; e tamén manter a presenza española na Antártida.

- A modo de curiosidade, canto tempo lles leva chegar á Antártida?

- J.M.: Esa é unha gran aventura, depende de varios factores e sobre todo das condicións meteorolóxicas. Normalmente imos de Madrid a Buenos Aires, permanecemos uns días alí e de Buenos Aires xa baixamos ou a Chile ou a Ushuaia en Arxentina, que é o porto máis austral do mundo. De aí adoitamos coller o Hespérides, que é o buque que nos leva a todos, científicos e militares, ata a Base Gabriel de Castilla. O primeiro ano é certo que eu tiven a sorte de coller un voo nun avión de hélices e poder aterrar na Illa Rey Jorge; e de aí coller un barco para levarnos á base. Pero depende, xa che digo, normalmente dende que saímos de España son dúas semanas; ten en conta que en barco son mínimo 4 ou 5 días. Na última volta que tivemos houbo moi mal tempo e tardamos case 6 días en facer 1.000 quilómetros.

- Estando vostede na Antártida realizouse unha videoconferencia dende a Base cos alumnos de quinto de primaria do CEIP Nº1 de Melide, que significou para vostede ese momento?

O mantemento da base, motores e acompañamento do persoal científico foron algúns dos cometidos de Javier Mosteiro na Antártida
Foto: J.M.

- J.M.: Cando o lembro aínda se me poñen os pelos de punta. Non sei, imaxínate, eu estudei nese colexio e levaba case 30 anos sen entrar nel. Foi moi emocionante a verdade e fíxome moita ilusión. Disfrutei moito a experiencia e no cole gustou moito tamén. Vamos, eu repetiría encantado, ademais das charlas e as conferencias cando quixeran.

- Centrándonos na actualidade, como lle afectou a pandemia á misión na Antártida?

- J.M.: Aos integrantes da última campaña colleunos de camiño aquí; pasaron toda unha odisea para poder chegar. Iso si, de ter que pasar a pandemia na Antártida creme que é onde mellor se estaría, é o sitio máis seguro. Alí non colles unha gripe aínda que esteas a menos 30 graos.

- E a vostede como lle afectou?

- J.M.: En Melilla tivemos sorte porque durante o estado de alarma non houbo nada, pero agora xa hai contaxios tamén. Durante eses días fixen varias viaxes a Madrid ou a Sevilla, a buscar vehículos da miña unidade, e a verdade é que a xente estaba moi, moi concienciada. Creo que porque moita xente viviuno de cerca; pero aquí penso que aínda non somos realmente conscientes do problema. Logo, máis a nivel profesional eu traballei case todos os días porque teño un taller de vehículos da Lexión ao meu cargo, e tamén porque faciamos fronteira para apoiar á Garda Civil e á Policía. Foi bo no sentido de que o traballo foi constante e porque te despexas e ocupas a mente, pero tamén foi duro.

- De volta en Melide, como ve a súa vila este agosto tan atípico?

- J.M.: O meu pobo sempre está bonito, sexa con mascarilla, sen mascarilla, a xente igual de aberta como somos os melidenses, pero hai que ser conscientes e responsables porque isto non é unha broma. Temos que ser moi precavidos e mentres agardar que a pandemia pase canto antes ou que a solución chegue pronto.

- Xa para rematar, e despois de percibir que lle apaixona a súa profesión, que é o mellor do seu traballo?

- J.M.: É certo, a min encántame o meu traballo. Hai días mellores e hai días peores si, como en todos os lados, pero é o que me gusta desde pequeno. E o mellor, pois o día a día, o compañeirismo que hai. É moi gratificante tamén por exemplo saber que o que vives en Melilla non o poderías vivir na península; non sei... vixiar unha fronteira, embarcar ao mellor 100 ou 200 vehículos, todo ese operativo. E logo cando viaxas por suposto; de feito, cumprín anos en todos os continentes e incluso en pleno mar, só me falta Australia.

O Concello de Melide impulsa unha campaña para promover a etiquetaxe dos produtos da comarca en galego

O Concello de Melide, en colaboración coa Asociación de Empresarios Terra de Melide, o Foro Enrique Peinador e a Secretaría Xeral de Política Lingüística, lanza unha campaña de sensibilización lingüística para dinamizar a lingua galega na etiquetaxe dos produtos da Comarca da Terra de Melide.

O título da campaña é *Os nosos produtos, en galego* e ten dous obxectivos fundamentais: "relacionar os produtos agroalimentarios da Terra de Melide coa lingua galega e animar a consumir produtos da nosa comarca, e galegos en xeral, etiquetados en galego", explicaron dende a Concellaría de Normalización Lingüística de Melide.

"O sector agroalimentario da Comarca da Terra de Melide é vital para a bisbarra, tanto desde o punto de vista económico como á hora de fixar poboación, por iso é importante que ese sector non se desvincule da lingua na que se desenvolve, o galego. Identificar os nosos produtores co galego é un xeito de galeguizar a economía e de valorizar o noso", destacou Mayka Basalo, concelleira de Normalización Lingüística do Concello de Melide.

Para iso, ademais da elaboración dun cartel e un díptico, celebrarase unha mesa redonda de presentación da campaña o xoves 24 de setembro ás sete da tarde na casa da cultura de Melide. Entre os participantes da mesma, o alcalde de Melide, o presidente de Asetem, o secretario xeral de Política Lingüística, a secretaria xeral de Comercio e Consumo, o presidente do Foro Enrique Peinador e empresarios da comunidade e tamén da Terra de Melide que etiquetan en galego.

"Melide está no Camiño de Santiago e hai que aproveitar ese potencial para valorar os nosos produtos de proximidade e a nosa lingua, o galego. Ademais, a etiquetaxe en galego dálle un plus de autenticidade ao produto e abre o mercado comarcal, galego e estatal" recalcou a concelleira de Normalización Lingüística, que tamén insistiu na importancia de "concienciar aos consumidores e consumidoras para que aposten polos produtos de proximidade e con etiquetaxe en galego".

O Cire Melide e o Club Ciclista Melidense non celebrarán os eventos deportivos previstos para este mes

Melide non celebrará este ano eventos deportivos tradicionais do mes de agosto tales como o Torneo de fútbol sala do Concello de Melide, organizado polo C.F. Cire-Melide; ou o Día da Bicicleta, unha iniciativa que o Club Ciclista Melidense adoitaba poñer en marcha o 15 de agosto.

O concelleiro de Deportes, José Antonio Prado, explicou que "a decisión, dialogada entre as diferentes asociacións, clubs e a Concellaría de Deportes, chega despois de ver a situación actual da pandemia do coronavirus onde aínda é necesario evitar as aglomeracións e o contacto físico". Por este motivo, e ao considerar que "os eventos que se viñan celebrando na nosa vila con numerosa participación poderían supoñer un risco para a saúde" optouse por aprazar a súa celebración ao vindeiro ano.

Pola súa parte, dende o Club de Fútbol Cire-Melide indicaron que ante a incerteza da situación sanitaria actual o máis responsable era suspender o torneo. "Habería que ver que din os protocolos, pero vendo o que está pasando non merece a pena arriscar un mínimo –apuntaron–, celebrar o campionato nun pavillón, que xa é un espazo pechado, con xente nas bancadas, teriamos que analizar tamén o tema dos vestiarios... non sei, pensamos todos que o máis sensato e responsable era suspendelo e así se decidiu".

O Torneo de Fútbol Sala Concello de Melide organizado polo Cire Melide celebraría este ano a súa edición número corenta de xeito ininterrompido, agás no ano 2007 que non se puido disputar debido a unhas obras no pavillón municipal.

En canto ás perspectivas de cara ao comezo da temporada, dende o Cire-Melide explicaron que a Federación baralla como data de inicio da competición o mes de outubro, "aínda que nada está confirmado nin é definitivo ao cen por cen", aclararon desde o club.

Igualmente, a través dun comunicado o Club Ciclista Melidense tamén informou do aprazamento do Día da Bicicleta. "Para poder levar a cabo a celebración deste día de 'festa da bicicleta' teriamos que adoptar medidas de distanciamento, control..., medidas que non son moi compatibles co espírito festivo, familiar e lúdico que vén a caracterizar esta celebración ano tras ano. Para nós é moi agradable ver a familias enteiras gozando da bicicleta sen ataduras, cousa que a situación actual non nos permite facer e que cremos que tamén podería ser un risco de cara a unha posible transmisión do virus", concluía o comunicado emprazando a todos os amantes da bicicleta á celebración do vindeiro ano "no que voltaremos con máis forza".

Finalmente, o concelleiro de Deportes agradeceu "a todas as asociacións e colectivos deportivos de Melide a súa responsabilidade e implicación coa actividade física e coa saúde dos veciños e veciñas" e recalcou que dende o goberno local continuarán colaborando "para que os eventos deportivos que xa gozaban de éxito en edicións anteriores conten en 2021 con máis apoio e participación".

Un documental da Deputación recollerá o traballo da muller rural en Toques

O concello de Toques, xunto a outros catro municipios, participará no proxecto audiovisual "O rural de todas"; unha iniciativa impulsada pola Área de Igualdade da Deputación da Coruña que persegue o obxectivo de contribuír a unha maior visibilidade do traballo das mulleres no rural.

Deste xeito, a través dun documental recolleranse os testemuños de varias mulleres de distintos perfís de todo o concello.

"Se as mulleres foron silenciadas na historia, en determinados ámbitos aínda foron dobremente invisibilizadas. No rural acontece e, desta maneira, descoñécese o traballo que desenvolven e o papel que cumpren en distintos ámbitos, no traballo produtivo mais tamén na transmisión da cultura ou nos afectos... este proxecto ten como obxectivo visibilizalas e darlle o protagonismo que merecen", sinalou a deputada de Igualdade, María Muíño, en relación á iniciativa.

"O rural de todas" é un proxecto audiovisual interxeracional e colaborativo no que participan, ademais das mulleres protagonistas, grupos de nenas, nenos e adolescentes que ao longo dos meses de verán están a colaborar durante dúas xornadas, na documentación, guión e gravación do documental.

Seguindo un enfoque participativo e baseado na reflexión e o debate, a rapazada e as mulleres protagonistas traballan arredor de dous conceptos principais: igualdade e identidade rural.

Melide terá un San Roque Cultural como alternativa á non celebración das festas

A través dun comunicado a comisión de festas do San Roque de Melide informou da non celebración das festas este ano por "seguridade e responsabilidade pública" ante a situación sanitaria que vivimos.

"Tras un longo período de reflexión e acadado un amplo consenso entre todos os que aportamos os nosos recursos humanos para organizar o evento melidense máis exitoso do ano -o San Roque de Melide- queremos facer público que dada a especial situación que estamos a vivir debido á pandemia mundial da COVID-19 este ano non poderá celebrarase a edición 2020 do San Roque de Melide", reza o escrito para rematar apelando á "prudencia" e á "responsabilidade colectiva e ao civismo" para a seguridade de todos.

Un San Roque Cultural desde o Concello

Ao non haber celebración algunha das festas por parte da comisión do San Roque, dende o Concello de Melide organizouse unha programación cultural durante a semana grande das festas de agosto para dinamizar a vila con alternativas de ocio para todos os públicos.

Deste xeito, a programación do San Roque Cultural comezará o 15 de agosto con diferentes actuacións musicais e rematará o día 23 con animación na rúa.

Desde o Concello de Melide organizáronse actividades pensadas para evitar as aglomeracións e é por iso que no cartel do San Roque Cultural priman as charangas e os pasarrúas con grupos principalmente da contorna. Tal e como explicou Mayka Basalo, concelleira de Cultura, "tamén quixemos axudar, potenciar e poñer en valor os grupos locais e da Comarca xa que somos coñecedores de que son moitos os que levan sen realizar actuacións desde hai moitos meses".

A programación do San Roque Cultural levarase a cabo en diferentes espazos da vila, todos eles ao aire libre para incrementar a seguridade.

Para poder acudir ás actividades será necesario reservar praza previamente no teléfono 981 50 50 03 (ext.5) ou no correo electrónico reservasculturais@concellodemelide.gal

O programa completo do San Roque Cultural pode consultarse tamén no xornal Cerne (px.15).

“O que máis me chamou a atención foi a necesidade que tiñan os nenos de socializar con outros nenos, notóuselles moito o illamento”

Os concellos de Melide e Sobrado, co obxectivo de facilitar a conciliación laboral e familar, mantiveron este verán os campamentos urbanos nos seus municipios. Para levalos a cabo contaron coa empresa Pobo Aventura, que dirixe Belén Espiñeira Platas, e que ademais de ao ocio tamén se dedica ao turismo local organizando visitas guiadas aos lugares de interese turístico e paisaxístico que hai nas vilas. En Melide os campamentos comezaron o 6 de xullo e rematarán o 14 de agosto, mentres que en Sobrado comezaron o 1 de xullo e rematarán o 31 de agosto. Despois de axustarse ao protocolo esixido, Belén destaca a rápida adaptación dos pequenos e pequenas a esta nova normalidade tamén no ámbito do ocio educativo.

- Que protocolo seguen á hora de desenvolver os campamentos?

- Belén Espiñeira (B.E.): O protocolo que seguimos é o que marca por un lado o sistema sanitario, e por outro o que nos marca a propia empresa que nos xestiona o ámbito de Prevención de Riscos Laborais dentro das nosas actividades. Todos os días realizamos a toma de temperatura e o lavado de mans cando os nenos e nenas entran ao campamento, antes de empezar ningunha actividade. Logo como a primeira hora adoitan realizar unha actividade creativa ou manual, o material que usan debe estar previamente en corentena de 48 horas ou desinfectalo de un día para outro, compartilo o mínimo posible e se o comparten teñen como consigna non levar as mans á cara ata que volvamos a desinfectar as mans. Mantemos unha media de catro-cinco lavados de mans mentres que dura a xornada de campamento, e logo está o uso de máscaras de protección. E xa como norma xeral tentar evitar o contacto entre nós. Finalmente cando saen do campamento tomámoslle outra vez a temperatura e os pais asinan conforme se rexistrou tanto á entrada como á saída.

Belén Espiñeira co seu grupo de rapaces e rapazas en diferentes actividades dos campamentos urbanos de Melide e Sobrado, sempre ao aire libre (Fotos: Pobo Aventura)

- Que tipo de actividades realizan? Cambiou a dinámica con respecto a antes da pandemia?

- B.E.: As nosas actividades tanto en Melide como en Sobrado están sendo en exterior. Por exemplo en Melide estamos no IES Nº1, sempre fóra, cando teñen que traballar manualidades ou facer obradoiros; e logo movéndonos polo pobo facendo visitas, rutas de sendeirismo, xogos ao aire libre. E en Sobrado igual, sempre no exterior. Logo é certo que nós traballamos por temáticas e temos por exemplo a semana da arquitectura, relacionada co pobo; a semana das ciencias medioambientais, a semana da escultura, as ciencias deportivas, ciencias da natureza e música, e son actividades baseadas na contorna e na vida do pobo. En Melide por exemplo, que foi o primeiro ano que estivemos, fixemos Concienciarte, para concienciar aos nenos sobre os problemas do medio ambiente, sobre o tema da igualdade e sempre a través da arte e das ciencias. Este ano tamén incluímos actividades para concienciar sobre o coronavirus. E en Sobrado como xa levamos tres anos, desta vez fixemos a “Aldea Sobbit” que está inspirada nos Hobbit e coa que pretendemos crear unha aldea dos personaxes Sobbit, que son os de Sobrado.

- Como organizan os grupos de participantes?

- B.E.: Temos nenos e nenas de 4 a 12 anos en Melide e de 3 a 12 en Sobrado, e o que facemos é que, cada grupo, ademais da súa franxa de idade, traballe como unha unidade familiar. É dicir, os monitores estamos sempre co mesmo grupo que collemos dende o inicio, non nos intercambiamos nin os monitores nin os grupos. En Melide por exemplo temos tres grupos e neses tres grupos todos fan todo, pero cada un ten un espazo para traballar co seu monitor. E en Sobrado igual.

- Como se adaptaron os nenos e nenas a esta nova normalidade nos campamentos?

- B.E.: Viñan de estar nun parón escolar e queiras ou non iso notouse. Tamén é verdade que a sensación era de incerteza, de como sería verse despois de tanto tempo, había nerviosismo ao principio, pero ao final ben. O primeiro día en cada campamento facemos un labor de concienciación explicándolles como vai a ser a dinámica, o que temos que cambiar, e agora mesmo diríache que son espectaculares, porque case o levan mellor eles que nós, que tamén nos temos que adaptar a unha forma diferente de traballar.

- Que é o que máis lle chamou a atención desta nova normalidade nos campamentos?

- B.E.: O que máis me chamou a atención e o que máis nos está chamando a atención é a necesidade que tiñan os nenos de socializarse con outros nenos. Notóuselles moito ese illamento, que aínda que estamos nos pobos e igual non o sufrimos tanto como nunha cidade, era necesaria a sensación de que te relacionas e que che transmite esa seguridade de que as cousas parece que van mellor; foi o que máis nos chamou a atención dos nenos. E en canto a nós, todo o que temos que facer para levar a cabo un campamento co seu correspondente protocolo e que despois vexas o que ves pola rúa, que a xente se salte sen máis as medidas que a ti tanto che está custando implantar e desenvolver.

- Tiveron menos participación este ano por medo ao coronavirus?

- B.E.: Houbo menos nenos pero porque se reduciu o número de prazas, non porque non houbese demanda. Por exemplo en Sobrado había 39 anotados e só entraron 18. Si é certo que a medida que foi pasando o tempo houbo xente que nos dixo que ao mellor non apuntaran ao neno por medo, pero ao ver que agora volvemos a certa normalidade e se cumpre un protocolo pois a tranquilidade é maior. Ao final é un hábito e unha organización que tampouco significa que non poidamos convivir con ela. Tendo as cousas claras e sabendo o que tes que facer logo te adaptas, e os rapaces e os pais igual.

Melide acolle unha mostra de pintura, tallas de madeira e carros do país

As obras dos artistas locais Xosé Manuel Broz e José Cabanas poderán verse no Palacio de Congresos do 14 ao 18 de agosto

A mostra máis completa ata o momento do pintor Xosé Manuel Broz e do escultor José Cabanas, así podería definirse a exposición que vai acoller o Palacio de Congresos e Exposicións de Melide do 14 ao 18 de agosto.

Durante cinco días e en horario ininterrompido de dez da mañá a dez da noite, veciños e visitantes poderán contemplar de balde tanto a mostra de pintura, que contará con 200 obras, como a colección de carros do país e esculturas en madeira reunidas na instalación melidense.

"Son 200 cadros exactos os que vou a expoñer, a maior parte deles relacionados coa comarca da Terra de Melide, cunha temática variada como son as paisaxes ou os monumentos, aínda que tamén haberá algúns cadros de fóra, de recordos de viaxes a Canarias por exemplo ou por Europa", explica o seu autor, Xosé Manuel Broz. Unha recompilación de pinturas ao óleo e tamén acrílicos que o seu autor realizou sobre todo nos últimos cinco anos.

Pola súa parte, José Cabanas trasladará ao Palacio de Congresos diferentes carros do país que nos últimos anos el mesmo foi esculpindo. "Teño unha colección de carros do país bastante grande, máis ou menos de todos os modelos que había en Galicia, e expoñelos todos sería complicado; por iso só vou presentar os que teño tallados, os que fun modelando á miña maneira un pouco para darlles un cambio", apunta José Cabanas.

Xunto aos carros, José Cabanas tamén expoñerá diferentes esculturas talladas en madeira. "Todo é relacionado co campo, coa vida do campo, os traballos do campo; iso é o que máis intento representar e expresar nas tallas", engade.

Unha taberna como as de antes

A maiores da mostra de pintura, escultura e carros do país, está previsto representar no Palacio de Congresos e Exposicións unha taberna das de antes. "Imos representar e escenificar como era unha taberna nas festas, esas tabernas que se poñían antes nas festas de campo e que se facían con carros e tamén con bocois de viño; con todo o seu menaxe, as cuncas de viño, os seus detalles, todo iso", destaca Cabanas que tamén engade que "a idea é facer unha exposición ampla, grande e o máis fermosa posible".

E se ben é certo que con anterioridade tanto Broz como Cabanas xa realizaron múltiples exposicións, esta será sen dúbida a máis extensa. Ademais, a posibilidade de organizala no Palacio de Congresos da vila permite cumprir coas medidas de distanciamento social e de seguridade sanitaria actuais.

Xosé Manuel Broz e José Cabanas nos seus respectivos talleres

Unha alternativa de ocio para un mes de agosto en Melide atípico que tamén conta coa colaboración do Concello de Melide.

"Un pai mantén sete fillos, e sete fillos..."

Cando nace un fillo nunha familia a vida de seus pais párase durante uns anos. Especialmente a da nai. Déixanse (e adáptanse logo) traballos, desaparece (e adáptase logo) a vida social, e muda a estrutura toda da familia. É o que se espera, e faise con máis carga de amor ca de obriga.

Se un fillo cae en enfermidade, a burbulla do tempo detense de novo, e case ningunha familia cuestionaría cal é a prioridade. Deixan de importar os gastos en tempo, en vida, en esforzos, en amor, o deterioro do corazón, porque se sente como un regalo de vida á persoa que máis queremos.

Nós fomos as persoas que máis quixeron nosos pais (falamos sempre de xeneralidades, sempre hai excepcións de maltratos diversos, ao corazón, relacións de pais e fillos nas que non manda o amor, nin o cariño, nin o respecto de pequenos a grandes nin de grandes a pequenos; relacións de familia difíciles e malas de entender ás que non dá cobertura este texto). Pero en canto ás outras, cumpría non perder de vista, agora que somos pais e fillos, que foi por nós por quen eles pararon as súas vidas, en quen investiron os seus mellores anos, e en quen canalizaron os seus esforzos.

Fomos nós os nenos que mimaron, aos que nos deron a man unha e cen veces para ensinarnos a andar, os que nos limparon as babas e os cus, e vixiaban que non nos atragantasemos cunha codela. Foi a nós a quen nos cambiaron os pañais cando non sabiamos nin pronunciar os seus nomes. Ensináronnos o amor pero deixámolo caducar.

E agora, cando a roda dá a volta, resulta que as babas dos nosos vellos, os pañais, os seus andadores... parece que ocupan nas nosas vidas máis sitio do que ocuparon os nosos na vida deles. Curiosas lentes que enfocan convexo segundo se mire co egoísmo por dentro ou o egoísmo por fóra.

Agora que nos toca repetirlles o noso nome -non para que aprendan a pronuncialo, senón para que recorden que somos os seus fillos- esquecemos que foron eles quen nos ensinaron a ter paciencia, a repetir unha e outra vez, a deixalo todo para sacarnos adiante cando eramos -tamén coma eles agora- dependentes.

Será que en ningunha universidade está de moda aprender que a vida é unha roda, que dá voltas, e que acompañalos na triste etapa de desaprender a vivir é unha maneira de devolverlles aos pais e nais os desvelos, o tempo, os bicos e os abrazos que nos deron cando eramos nós os nenos dos seus ollos. Aínda que xa non recorden o noso nome. Máis por eso se cadra.

Vanesa Martínez

Perda de audición nas persoas maiores (I)

*Conversamos con **Jesús Luaces**, presidente e fundador do Instituto de la Sordera (INSOR), sobre saúde e audición*

Que é a perda de audición?

"A perda de audición relacionada coa idade (presbiacusia) é aquela que ocorre pouco a pouco na maioría das persoas ao envellecer. É un dos trastornos máis comúns que afectan aos adultos maiores e de idade avanzada.

Unha de cada tres persoas entre 65 e 74 anos ten unha perda de audición. Case a metade das persoas maiores de 75 anos teñen dificultade para oír.

Os problemas de audición poden facer que sexa difícil entender e seguir os consellos dun médico, responder ás advertencias e escoitar os teléfonos, timbres e alarmas de incendio. A perda de audición tamén pode facer que sexa difícil desfrutar das conversacións cos amigos e a familia, o que fai que as persoas se sentan illadas.

Polo xeral, a perda de audición relacionada coa idade ocorre en ambos oídos, afectándoos por igual. Xa que a perda é gradual, as persoas con este tipo de perda de audición non sempre se dan conta de que a súa capacidade para oír se reduciu.

Hai moitas causas para este tipo de perda de audición. A máis común é polos cambios que ocorren no oído interno ao envellecer. Tamén podería ser o resultado de cambios no oído medio ou cambios complexos nas vías nerviosas que van do oído ao cerebro".

O Cerne de hai 15 anos (Agosto 2005 Nº9)

Fálte ún mozo coa miña voz

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

Cerne
Terra de Melide

A.S.E.T.E.M.
Asociación de Empresarios Terra de Melide

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE (A.S.E.T.E.M). Nº 9. 15 de agosto -15 de outubro de 2005. Distribución gratuíta.
Tamén en Internet: www.asetem.com

Edición especial de vacacións

Noticias destacadas de 2005 + Novidades

Aparecen restos antigos na Capela de San Roque

As pezas, de tipo arquitectónico e pictórico, atopáronse durante a relización dos traballos de rehabilitación. Tanto a Dirección Xeral de Patrimonio como os expertos melidenses sinalan que estas reliquias pertencen á antiga Igrexa de San Pedro. **Pax. 7**

A Plataforma continúa traballando a prol do cambio de trazado

O colectivo veciñal conformado en 2003 co fin de que a futura autovía Santiago-Lugo se achegue a Melide vén de celebrar eleccións internas. José Antonio Rodríguez foi reelixido presidente. **Pax. 8**

O Concello recoñece unha nova débeda de 103.000 euros

Liquidadas xa 799 das 805 facturas pendentes de pago que tiña o Concello de Melide da etapa de Miguel Pampín, o novo executivo recoñece outras 55 facturas sen pagar, dos anos 2002, 2003 e 2004, por valor de 103.201 euros. **Pax. 5**

A residencia de maiores vai estar lista este ano

A Consellería de Familia vai achegar unha partida de 250.000 euros para as obras desta instalación, pero unha das cláusulas sinala que deberá estar rematada antes do 31 de decembro. Serán 75 prazas para anciáns non válidos. **Pax. 6**

Melide celebra as festas de San Roque

A Sinfónica de Melide abre sete días de festa na vila, nos que outras once orquestras encárganse de amenizar as verbenas nocturas. Polo día, bandas de música e grupos de gaitas van ser a tónica habitual da semana. **Pax. 17**

Especial risco de incendios en catro parroquias de Toques

Brañas, Paradela, Vilouriz e Vilamor. Estas catro parroquias quedaron incluídas entre as Zonas de Especial Risco de Incencios (ZER), estipuladas pola Consellería de Medio Ambiente. Implica a entrada en vigor de medidas especiais. **Pax. 11**

Villamor
Inmobiliaria
Compra-venta de:
Casas-Pisos-Solares-Fincas ...
Canton de San Roque, 8 MELIDE
Tfno. 981 815 330 - www.inmobiliariavillamor.com
Invertir es un riesgo, salir que asesore un veterano

MARÍA JESÚS VÁZQUEZ COEGO, PELUQUERÍA CORAL E SERVIZO DE TAXI

“Eu creo que co confinamento a xente tomou máis conciencia coa idea de mercar no pobo”

Dende hai máis de 20 anos traballa no seu salón de peiteado, Peluquería Coral, e dende hai case tres compaxina esta actividade co servizo de taxi en Melide. Con xente de alto risco na súa familia, María Jesús Vázquez optou pola precaución durante o confinamento e pechou as portas do seu comercio o 13 de marzo para volver a abrir o 15 de xuño. Durante ese período atendeu puntualmente a domicilio, “aos clientes de sempre” tal e como ela mesma os considera, ao igual que co taxi, que sen estar na parada atendeu “ás persoas de sempre que baixaron cada 15 días ou unha vez ao mes a facer unha compra grande”. Agora, vai retomando pouco a pouco a normalidade.

- Como está sendo a volta ao traballo?

- María Jesús Vázquez (M.J.): Na peluquería os primeiros días foron unha auténtica locura porque todo o mundo necesitaba algo, cortar, teñir... Agora xa a cousa está máis ou menos estable, mesmo un pouco floxo porque practicamente non hai vodas, cando os meses de maio, xuño e xullo adoitaban ser os meses fortes en canto a vodas e comuñóns. Agora empeza a haber un pouco de primeiras comuñóns, pero con todo, eu polo menos noto que a xente aínda ten medo. Teño clientes aos que lles sigo indo a domicilio porque non queren vir á peluquería por medo ao contaxio. E no taxi a volta á normalidade tamén está sendo floxa porque, aínda que vemos algúns peregrinos non é o volume de antes. Logo os clientes que tiña de sempre sígoos mantendo.

- Cambiou o seu horario?

- M.J.: Non, continúo co mesmo. Polas mañás na parada de taxis en Melide e polas tardes na peluquería, pero se por calquera motivo me xorde unha viaxe co taxi pola tarde non teño problema en cambiar a quenda e ir compaxinado. En calquera caso, como traballo con cita previa poden localizarme tanto para a peluquería como para o taxi no teléfono 667 682 771.

- Nesta nova normalidade que é o que máis lle están demandando no salón de peiteado?

- M.J.: Sobre todo cortes e tamén tintes. Iso si, con isto do confinamento moita xente aproveitou para deixarse o pelo branco, ao natural, iso tamén o notei.

- Por poñer unha nota de humor, fixemos moitas desfeitas no cabelo durante o confinamento?

- M.J.: Algunha que outra (risas). O certo é que a xente non se cortou moito o pelo, polo menos no meu caso preferiron deixalo largo, pero cos tintes si que houbo desfeitas, no color. Algunha xente chegou e díxome, “mira, non sei o que fixen pero quedoume o pelo de tres colores”. Ao final nada que non se puidese arranxar.

- Que medidas de seguridade sanitarias adoptou tanto no salón de peiteado como no taxi?

- M.J.: Na peluquería desinfectar todo, a mascarilla xa é obrigatoria e logo como traballo con cita previa, e como só estou eu e atendo de unha en unha pois non hai problema coas distancias de seguridade. E no taxi igual, a mascarilla é obrigatoria e cando se vai o cliente xa desinfecto todo o vehículo. Ademais procuro que toquen o menos posible abríndolle e cerrándolle eu a porta; mesmo nalgúns casos que son persoas maiores ou con pouca mobilidade xa lles poño eu o cinto de seguridade para que non toquen en nada. E en canto ao número de pasaxeiros, se son tres ou menos de tres teñen que ocupar os asentos de atrás.

- Meses atrás cambiouse de lugar a parada de taxis de Melide, un cambio que xerou certa polémica. Como lle afectou?

- M.J.: Pois moi mal. As cousas fixéronse moi mal por parte do Concello de Melide. Primeiro; avisáronnos uns días antes, mandáronnos unha circular de que nos ían cambiar a parada para o Cantón de San Roque, pero sen saber cara onde ían saír os taxis. Tivemos que marchar si ou si. Segundo, cambiáronnos a nós de parada pero non cambiaron a cabina nin o teléfono; estivemos sen teléfono tres días, nós cos taxis nun lado e o teléfono soando noutro. Tivemos que turnarnos entre nós para que un quedase na parada e outro xunto ao teléfono para ir avisándonos e así poder atender á xente. No momento no que fomos ao Concello a dicirlle que non podiamos seguir sen teléfono dixéronos que xa avisaran para facer o cambio de liña, pero eu chamei á empresa de telefonía para saber se tiñan algunha notificación e dixéronme que non. Ao final tivemos que cambialo nós. Os taxistas chamamos a unha persoa que nos veu a cambiar o teléfono porque llo pedimos nós e porque lle pagamos nós, non porque o mandara a empresa de telefonía nin porque llo notificaran dende o Concello de Melide. E con respecto á cabina a día de hoxe seguimos sen ela porque, segundo nos din, non se pode instalar unha cabina na beirarrúa.

- Se non teñen cabina, onde teñen o teléfono?

- M.J.: O Concello solucionou quitando unha especie de cabina que había ao lado do BBVA e trasladándoa a onde estamos agora; cando iso non é unha cabina, senón un soporte de ferro cun caixón con porta onde meter o teléfono e que ademais foi feito por un dos compañeiros e pagado por todos xa hai tempo; pero insisto en que iso non é unha cabina, senón unha solución que se empregaba puntualmente en datas como o San Roque por exemplo, cando cambiaban os taxis. Ademais, se queres apuntar algo non tes onde apoiarte, por non falar de que cando chove se colles o teléfono chove por ti.

- E en canto á nova localización da parada, está de acordo con ela?

- M.J.: Non. A nova localización paréceme fatal e errónea totalmente porque non se nos ve. O mesmo día que nos cambiaron a parada fomos ao Concello para explicarlles que a parada de taxis non podía estar sen cabina e fixemos unha reunión. Aínda que digan o contrario dende o Concello, os taxistas que estabamos alí presentes, uns dez polo menos, estabamos todos de acordo en cambiar a parada saíndo cara a parafarmacia (Cantón de San Roque/ N-547) en vez de como nos deixaron (rúa Alexandre Bóveda/AC-840). Dixéronnos que ían a mirar, que lles faltaba un papel da Dirección Xeral de Carreteras. O caso é que nos dixeron que ían facer unha reunión con nós e aínda estamos esperando, e nós queremos saber por que non nos cambian a parada, porque todos queremos a saída cara a parafarmacia, que é onde está a maioría da xente, os supermercados, os peregrinos do Camiño de Santiago, os autobuses... En cambio, onde estamos agora non se nos ve. A iso hai que engadir que unha parada de taxis debería estar orientada para que a xente suba ao vehículo polo lado da beirarrúa que é por onde camiñan os peóns, non polo lado polo que circulan os demais coches, que supón un perigo para todos. Pois no noso caso a xente ten que subir ao taxi polo lado da estrada, por onde pasan os vehículos; e a verdade é que xa levamos algún que outro susto porque é unha zona que ten moito tránsito de coches e furgonetas.

- Xa para rematar, nesta época que nos está tocando vivir bota en falta ou demandaría algunha medida, campaña específica para o seu sector?

- M.J.: Fíxate que máis que iso, eu creo que co confinamento a xente tomou máis conciencia coa idea de comprar no pobo. É o que percibo. Creo que agora a xente, e tamén me inclúo, ten medo á hora de ir a un centro comercial. E tamén creo que a xente do comercio cambiamos moito. Por poñer un exemplo, se ti vas a mirar algo e non compras ao final, pois non pasa nada. Estou segura de que volves. E ademais hai que ter en conta que, ao contrario do que pensan moitos, o prezo non varía tanto do comercio local ao das grandes superficies comerciais. Por non falar xa do trato persoal, que se non atopas algo fan todo o posible por conseguircho.

Peluquería Coral
Tlf: 667 682 771
R/Joaquín Gundín, 7 (Melide)

Servizo de Taxi
Tlf: 667 682 771

Volver a oír bien, es una decisión que cambiará su vida.



Campaña VERANO

Instituto de la Sordera

Revisión Auditiva 2020

GRATIS

Establecimiento Sanitario Autorizado por la Xunta de Galicia nº E-15-001359

Pida su cita al

Ronda da Coruña 34, Bajo.
C.P. 15800 **MELIDE**

648 75 47 61